



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e varias empresas, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

Memoria xustificativa

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **declara:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou coa Asociación de Padres de Parálíticos Cerebrales “AMENCER”, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura ata setembro do 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Asociación de Padres de Parálíticos Cerebrales “AMENCER” para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combina os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións da empresa asinante e no centro educativo CIFP A Xunqueira.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundamentouse no seguinte:

A Asociación de Padres de Parálíticos Cerebrales “AMENCER” acepta en toda a súa extensión as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado o 20 de xullo de dous mil quince entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e varias empresas, para a implantación dun sistema de formación





profesional dual polo réxime de bolsas e amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión do dito convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

